

Acta da Xunta de Escola extraordinaria do 11 de marzo de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 11/03/2019
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 11/03/2019
- III. Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2019-2020
 - a. Proposta PDA Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Proposta PDA Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Ábrese a sesión ás 14 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase o único punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da modificación do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2019-2020.

A Directora lembra que, tradicionalmente, a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado convocaba a cada centro para consensuar unha proposta de PDA. Neste curso decidiron facer soamente unha reunión conxunta, para cuestións xerais. En comunicacións mantidas coa Vicerreitoría transmitíusenos que, dada a declaración de singularidade dunha das titulacións do centro, non íamos ter problema mantendo uns números similares aos do curso anterior. Con esta idea elaborouse a proposta que foi aprobada pola Xunta de Escola do día 19 de febreiro e enviada para a súa aprobación na COAP e no Consello de Goberno. A vista da proposta, dende a Vicerreitoría indicóusenos que, previamente á celebración da COAP, tiñamos que facer uns axustes na proposta de PDA e indicar os aumentos e reducións respecto da PDA do curso anterior.

A dirección propón os seguintes axustes:

- Reducir dous grupos C en todas as materias comúns aos dous graos de segundo curso. Isto refléxase nunha redución de 70 horas na PDA do Grao en Enxeñaría da Enerxía, na que se contemplan todas as materias comúns a ambos graos.

2º curso		
Materia	Modificación	Horas correspondentes
Electrotecnia	de 6 a 4 grupos C	10
Tecnoloxía de materiais	de 6 a 4 grupos C	10
Resistencia de materiais	de 6 a 4 grupos C	10
Mecánica de fluídos	de 6 a 4 grupos C	10
Física: Sistemas Térmicos	de 6 a 4 grupos C	10
Xeomática	de 6 a 4 grupos C	5
Tecnoloxía ambiental	de 6 a 4 grupos C	10
Mecánica de solos	de 6 a 4 grupos C	5
Total		70

- Reducir 2 grupos C no Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos, que supoñen 10 horas:

2º curso		
Materia	Modificación	Horas correspondentes
Seguridade e Saúde	de 2 a 1 grupo C	5
Calor e frío	de 2 a 1 grupo C	5
Total		10

Dende a Vicerreitoría confirmouse que se manterán as condicións do curso pasado para a impartición da especialidade de Materiais (un curso de prórroga en canto a docencia e outro curso mais de dereito a exames).

A Xunta de Escola aproba a proposta de PDA para os dous Graos por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 8 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a once de marzo de dous mil dezanove.

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 11/03/2019

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 11/03/2019

ANEXO III

**Propostas modificadas de PDA dos Graos para o curso académico
2019-2020**

a. Proposta PDA Grao en Enxeñaría da Enerxía

**b. Proposta PDA Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e
Enerxéticos**